

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 10 DE XUÑO DE 2015

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 8.35 horas do día 10 de xuño de 2015, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, don José Andrés Serantes Painceiras, don Iván Puentes Rivera, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don José Antonio López Rodríguez, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Non asisten: dona Juana Barro Couto e don Manuel Polo Gundín

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. **Aprobación, se procede, das actas das sesións extraordinarias do 27.04.2015 e do 04.05.2015, da sesión ordinaria do 07.05.2015 e da sesión extraordinaria do 22.05.2015**

Por parte do voceiro do grupo socialista, Antón Lois Noceda Carballo, solicítase que se revisen os erros tipográficos das dúas primeiras actas.

A concelleira do grupo mixto, M. Carmen Martínez Rodríguez, pide que se corrixa un erro no primeiro parágrafo da acta do 22.05.2015, de tal xeito que onde di "27.04.2015", pasa a dicir "22.05.2015".

Sen máis correccións, as actas quedan aprobadas.

Finalizado a orde do día o alcalde levanta a sesión ás 8:40 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde en funcións

A secretaria

Gumersindo Pedro Galego Feal

Estefanía Manteiga Lamas